

**PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E
PRIMARIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. CURSO 2021-2022**

Normativa aplicable:

- Decreto 254/2012 de 13 de decembro (DOG 26/12/2012) – **Anexo I**
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013) – **Anexo II**. Corrección de erros (DOG 24/04/2013) – **Anexo III**
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017) – **Anexo IV**
- Orde de 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 22/12/2020) – **Anexo V**

CALENDARIO

Do 1 ao 22 de marzo: Prazo de presentación das solicitudes de admisión

Presentación da documentación acreditativa dos méritos alegados (só nos centros nos que exista máis demanda ca oferta de prazas): Prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión

Antes do 25 de abril: Publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido

Antes do 15 de maio: publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido

Do 20 ao 30 de xuño: Formalización da matrícula no centro en Infantil e Primaria

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

O alumnado que non resulte admitido no centro indicado en primeiro lugar na súa solicitude, será baremado de forma sucesiva para cada un dos centros solicitados nos que existan postos vacantes, seguindo a orde de preferencia manifestada na solicitude. Se logo de valorar os criterios de baremo xustificadas polo alumnado en todos os centros indicados na súa solicitude, as puntuacións acadadas nos respectivos centros non lle permitisen obter posto escolar en ningún deles, a comisión de escolarización propondrá a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización nun centro sustentado con fondos públicos.

INSTRUCCIÓN

A solicitude de admisión de alumnado tramitase mediante a aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Os formularios poden cumprimentarse na aplicación ou ser descargados e cumprimentados de forma manual (Anexo). Tamén se poden descargar na da Sede Electrónica da Xunta

de Galicia (<http://www.xunta.es/portada>), e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

A solicitude será única e pódese presentar de forma presencial no centro educativo, que a rexistrará, ou de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*.

A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos/as proxenitores/as, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

No suposto de alumnado afectado por violencia de xénero non será esixible o previsto no parágrafo anterior

Cada solicitude pode conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar.

DOCUMENTACIÓN

- Impreso da solicitude de admisión ED550B (Anexo VI) que pode recollese no propio centro educativo ou acceder a el desde a aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> e cubriilo telematicamente, imprimir e presentar no propio centro educativo ou ben cubriilo telematicamente e asinalo na Sede Electrónica
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta
- Documento acreditativo do requisito de idade do/a alumno/a (libro de familia ou DNI)
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso
- Se solicitan unha praza para alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) achegarse a documentación que acredite as circunstancias que fundamentan esta petición

CRITERIOS XERAIS DE PRIORIDADE PARA A ADMISIÓN DE ALUMNADO. TÁBOA DE VALORACIÓNS

As persoas interesadas na valoración da renda da unidade familiar deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar

no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas da base impositiva xeral e da base impositiva de aforro da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2019.

Para a aplicación da puntuación deste criterio utilizarase o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2019, que está cifrado en 6.454,03 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Existencia de irmáns no centro	
Por un/unha irmán/á matriculado/a no centro	8 puntos
Polo segundo/a irmán/á e seguintes matriculados/as no centro	2 puntos por cada un/unha
Por ser o pai, nai ou titor legal traballador do propio centro (non acumulables entre si)	3 puntos
Por proximidade do domicilio familiar ao centro	
Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	6 puntos
Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes da área de influencia do centro	3 puntos
Se o domicilio familiar se encontra noutras áreas	0 puntos
Pola proximidade do lugar de traballo ao centro (non acumulable coa proximidade do domicilio familiar)	
Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 punto
Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado noutras áreas	0 puntos
Pola renda anual da unidade familiar	
Ingresos inferiores a 0,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)	3 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior ao IPREM	1 punto
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos
Por pertencer a unha familia numerosa	
Familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Por pertencer a unha familia monoparental	2 puntos
Por discapacidade (igual ou superior ao 33%)	
Do alumno ou alumna	4 puntos
Da nai, pai ou titor/a legal	3 puntos
Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno ou alumna	1 punto por cada un/unha

Criterio complementario aprobado polo centro

1 punto

CRITERIOS DE DESEMPATE

Os casos de desempate resolveranse pola seguinte orde:

1. Maior puntuación no apartado de ter irmáns/ás matriculados/as no centro.
2. Maior puntuación no apartado de ter o pai, a nai ou titores traballando no centro.
3. Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
4. Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
5. Posuir a condición de familia numerosa.
6. Posuir a condición de familia monoparental
7. Maior puntuación no apartado de discapacidade.
8. Expediente académico do alumnado, de ser o caso
9. Criterio establecido polo centro educativo
10. Se aínda así se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público

CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE ARTEIXO

Escolas de Educación Infantil

- EEI Barrionovo. Praza da escola, 1. 15140. Pastoriza. Tlf 696846412
- EEI Vilarrodís. Rúa Carlos Maside, 16. 15141. Vilarrodís. Tlf 616466312
- EEI Larín. Lg Casanova, 3. 15144. Larín. Tlf 981606212
- EEI Lagoa. Lg da Lagoa, 16. 15144. Sorrizo. Tlf 981646930
- EEI Rorís. Lg Rorís, 12. 15144. Armentón. Tlf 981640238

Centros de Educación Infantil e Primaria

- CEIP Arteixo. Avda. Arsenio Iglesias, 33 B. 15142. Arteixo. Tlf 981641284
- CEIP Ponte dos Brozos. Avda. Arsenio Iglesias, parcela 34. 15142. Arteixo. Tlf 881960506
- CEIP Galán. Rúa Miguel de Cervantes, 21. 15141. Oseiro. Tlf 881880903
- CEIP San Xosé Obreiro. Travesía de Meirás, s/n. 15008. Meicende. Tlf 881880214